

OBRADOIRO UN, DOS, TRES...MUSICAL!!!

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



MONITORA: Andrea Irimia Nores (Pedagoga Musical e estudante de 5º curso da Licenciatura en Psicoloxía)

OBXECTIVO XERAL:

Un, dos, tres...musical!! é un obradoiro no que se integran aprendizaxes e experiencias provenientes do ámbito musical con outras provenientes de campos tan diversos como a pintura, a creación literaria, a arquitectura, o baile, o teatro, a historia, as ciencias naturais e experimentais... e todo isto baixo o fío condutor da creación íntegra dun musical.



Ó longo das sesións encadéanse diversas actividades que perseguen o obxectivo fundamental de utilizar a música como un instrumento para optimizar o desenvolvemento da **capacidade creativa** do alumnado tanto no plano musical como no verbal e kinestésico-corporal.

Ademais, a partir da posta en práctica das actividades programadas, o obradoiro persegue o logro de obxectivos transversais como son: desenvolver a capacidade de traballar en equipo e fomentar a **convivencia**, o traballo cooperativo e a capacidade de **socialización**; desenvolver a intelixencia emocional mediante a **identificación, expresión e regulación de emocións propias e alleas**; mellorar a **capacidade de atención**, a **capacidade mnésica**, a **capacidade auditiva** e a planificación; mellorar a **capacidade psicomotora** e o sentido do **ritmo**; identificar e fomentar as capacidades individuais do alumnado en relación con aspectos de tipo musical; e transmitir a idea de que a música xoga un papel fundamental nas **emocións** e na **conduta**.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

As actividades levadas a cabo están fundamentadas nas metodoloxías activas que defenden que a mellor aprendizaxe conséguese experimentando e de forma lúdica. No ámbito musical, a pedagogía activa ten a súa máxima representación nun conxunto de metodoloxías baseadas no xogo, a actividade, a experimentación e a improvisación. Un dos principais fundamentos teóricos do obradoiro atopámolo na metodoloxía Dalcroze, principalmente na defensa da creación dun clima de confianza e seguridade na aula, que favoreza a expresión e a creatividade, e no que cada alumna/o se sinta importante dentro do traballo de grupo, que favoreza a súa **autoestima**, a súa **autoeficacia** e a súa capacidade de **empatía**. Outro gran fundamento do obradoiro atópase nas teorías do aprendizaxe cooperativo e nas teorías da creatividade.



Tanto na planificación das sesións como no desenvolvemento das mesmas tense en conta a atención á diversidade como norma e non como excepción, e atendendo á cualidade de superdotación do alumnado, inténtase en todo momento satisfacer a súa **curiosidade** intelectual, fomentar a súa **creatividade**, manter un adecuado nivel de **motivación** e traballar na medida do posible as súas propostas individuais. En relación ó material elixido e nas actividades planificadas mantense un enfoque fresco, moderno e actualizado, que mestura as aportacións das novas tecnoloxías, os novos estilos e os novos intereses da infancia actual coas obras, conceptos e bases clásicas.

Para servir de exemplo ó anteriormente explicado, algunhas das actividades realizadas no obradoiro son: representacións teatrais con personaxes e escenas da historia da música, xogos de percusión corporal, expresión pictórica libre en base a emocións xeradas pola música, deseño e creación de instrumentos con materiais de refugallo, interpretación orquestral, elaboración do argumento e guión dun musical, preparación das súas personaxes, deseño e creación de escenografías, composición e interpretación das pezas musicais, etc.

ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:

Preme nestes enlaces se queres satisfacer a túa curiosidade sobre os beneficios que pode aportar a educación musical no desenvolvemento dos nenos e nenas:

<http://www.psicologia-online.com/infantil/musica.shtml>

<http://www.conmishijos.com/ninos/ninos-familia/beneficios-de-la-musica-en-los-ninos.html>

<http://www.filomusica.com/filo82/creatividad.html>

http://www.edukanda.es/mediatecaweb/data/zip/1175/page_18.htm

Ademais, podes consultar esta bibliografía para afondar na idea da importancia e os beneficios da música na educación:

- Alonso, D.; Estévez, A.; y Sánchez, F. (2008) El cerebro musical. Almería: Universidad de Almería
- Arias, M. (2007). Música y neurología. Neurología; 22 (1); 39-45
- Brea, J. (2008). El poder de la música. Cuadernos de Atención Primaria (15); 343-344
- Díaz, J.L. (2010). Música, lenguaje y emoción: una aproximación cerebral. Salud Mental, 33; 543-551
- González, P. La música como alternativa metodológica en el aula. Actas del Congreso de Educación y Familia; 1-25.

- Lacárcel, J. (2003). Psicología de la música y emoción musical. *Educatio*, 20-21; 213-226.
- McPhee, A. & Stollery, P. Some perspectives on musical gift and musical intelligence. *British Journal of Music Education*.
- Weinberger, N. Música y cerebro. Los cinco sentidos. 55-62.
- Xóchitl, I. (2007) Aspectos implicados en el talento y en la práctica de un instrumento musical. *Revista intercontinental de Psicología y Educación*. (9); 49-68.

Nos libros que aparecen a continuación poderás buscar información acerca da estimulación da creatividade a través das artes e a teoría das intelixencias múltiples (a importancia de detectar e estimular diferentes intelixencias entre elas a intelixencia musical):

- Gardner, H. (2006). *Inteligencias múltiples. La teoría en la práctica*. barcelona: Paidós.
- Gardner, H. *Mentes creativas*. barcelona: Paidós.
- Robinson, K. (1993). *The arts in schools. Principles, practice and provision*. London: Caluste Gulbenkian Foundation.